

Centro Galego de Artes da Imaxe

MEMORIA DE ACTIVIDADES **2007-2008**



Programación

Producción audiovisual galega

(integrada na sección "Fóra de serie")

- Bs. As.* (Alberte Pagán, 2006)
Alma esquecida (Clara G. Nieto, 2006)
Septiembre (Ángel Santos, 2004)
La buena caligrafía (Álex Sampayo, 2004)
A casa de Lola de Andrés (Olaia Sendón, 2006)
La casa de mi abuela (Adán Aliaga, 2006)
Lavado de cara (José González Varela, 2006)
Lalínea (José González Varela, 2007)
Meniña (Daniel Domínguez García, 2006)
Inestable (Álvaro Otero, 2007)
Sin plomo (Jorge Saavedra, 2006)
Traballos do curso *Cine de apropiación* (varios autores, 2007)
O salario do silencio (Enrique Banet, 2007)
El cielo del Súper 8 (Lili Films, 2007)
Cousas de Kulechov (Susana Rey, 2006)
Correr (Borja Mucientes, 2007)
T_R (Borja Mucientes, 2006)
Voz Interior (Borja Mucientes, 2007)
Diego Gedichte (Os poemas de Diego) (Felix Gensicke, Diego Mariño, 2005)
Hamlet (Xosé Zapata e Lino Braxe, 2007)
Temporada 92/93 (Álex Marzoa, 2006)
As carreiras secretas (Antón Coucheiro "Cou", 2006)
A flor máis grande do mundo (Juan Pablo Etcheverry, 2006)
Promesa (Fernando Cortizo, 2006)
Agroglamour (Carlos Contreras, 2007)



A flor máis grande do mundo
(Juan Pablo Etcheverry, 2006)



Cousas de Kulechov
(Susana Rey, 2006)



La casa de mi abuela
(Adán Aliaga, 2006)



Temporada 92/93
(Álex Marzoa, 2006)

Programación

Producción audiovisual galega

(integrada na sección “Fóra de serie”)

- A xinecóloga* (Alfonso Camarero, 2008)
Túnel (Borja Mucientes, 2007)
Liste, pronunciado Lister (Margarita Ledo, 2007)
Trazos (Simón Casal de Miguel, 2007)
En el armario (Marcos Méndez, Raúl García, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Martina Pérez e Eva Rey, 2007)
O crilo (Martina Pérez e Raúl García, 2007)
Non retornable (Marcos Méndez e Eva Rey, 2007)
PKM 406 (Raúl García e Martina Pérez, 2008)
Pó de estrelas (Alberte Pagán, 2007)
Da man da raíña vermella (Omar Rabuñal e Miguel Corujo, 2007)
Perversa Lola (Sonia Méndez, 2008)
Homenaxe a Emilio MacGregor (Jorge Bouza, 2008)
As Encrobas (Xosé Bocixa, 2006)
Historias dunha torre (San&San, Germán Tejada, Javier Cea e Héctor J. Diéguez, 2006-2007)
Periféricos (Tamara Blanco, Xosé A. F. Holgado e Carlos Méndez, 2006)
Sálvame (Javier Veiga, 2007)
1977 (Peque Varela, 2007)
A revolta dos mouses (David A. Gen, 2007)
Máis cans que nunca (Luis Otero, 2008)
O cazador (Ángel Santos, 2008)
París 1 (Oliver Laxe, 2008)
Deshabitado (Manuel Iglesias Nanín e José Manuel Mouriño, 2007)
En medio de algures (Manuel Iglesias Nanín, 2002)
Un deserto de flores (Manuel Iglesias Nanín, 2007)
La Bruta Fest (José Luis Ducid e Xosé González Varela, 2008)
Aperitivo kill (José Luis Ducid, 2008)
Amnésico por compasión (Guillermo Arias-Carbajal, 2007)
Del mismo Oslo (Guillermo Arias-Carbajal, 2008)
36 vistas de la Torre de Hércules (José Manuel Mouriño, 2008)
El andamio (Rogelio Amigo, 1958)
50 años en el andamio (Ángel Rueda, 2008)



Liste, pronunciado Lister
(Margarita Ledo, 2007)



Túnel (Borja Mucientes, 2007)



Un deserto de flores
(Manuel Iglesias Nanín, 2007)



París 1 (Oliver Laxe, 2008)



50 años en el andamio
(Ángel Rueda, 2008)



En el armario (Marcos Méndez, Raúl García, Elena Gómez, Jorge Mosquera, Martina Pérez e Eva Rey, 2007)

Actividades e presentacións 2007-2008



Adán Aliaga e Xosé Zapata. Presentación do DVD de *La casa de mi abuela* (Adán Aliaga, 2006)



José Antonio Sistiaga, Eugeni Bonet, José María Zabala e José Manuel Sande. Presentación dunha selección de curtametraxes destes autores.

Actividades e presentacións 2007

Xaneiro:

Venres 12: inauguración da exposición *A viaxe infinita* ("Le voyage infini"). Casa de América Latina e Instituto Cervantes, París.

Xoves 18: presentación da película *El cielo gira* (Mercedes Álvarez, 2004) a cargo da súa autora.

Venres 26: presentación do libro *Vientos del Este*, a cargo de José Enrique Monterde e Carlos Losilla (coordinadores), José Antonio Hurtado (IVAC-La Filmoteca) e José Luis Cienfuegos, director do Festival Internacional de Cine de Gijón. Proxección de *La infancia de Iván* (Andrei Tarkovski, 1962).

Mércores 24: presentación da versión restaurada de *Ano Santo en Compostela* (1915) no acto "Pioneiros do cine en Galicia" celebrado no Teatro Principal co acompañamento musical do trío de jazz Abe Rábade.

Sábado 27: presentación da película *Bs. As.* (Alberte Pagán, 2006) a cargo do seu autor.

Febreiro:

Sábado 24: presentación das curtametraxes *Alma esquecida* (Clara G. Nieto, 2006) e *Septiembre* (Ángel Santos, 2004) por parte dos seus autores e o produtor e guionista da primeira, Luis Río.

Mércores 28: presentación da película *Cuerpo a cuerpo* (Paulino Viota, 1982) polo seu autor.

Marzo:

Xoves 1: presentación da curtametraxe *A casa de Lola de Andrés* (Olaia Sendón, 2006) a cargo de Olaia Sendón, o director do Festival de Cans e do programa "Onda Curta" Alfonso Pato e o arquitecto Juan Creus.

Sábado 3: coloquio en torno ao filme *China Blue* (Micha X. Peled, 2005) coa participación de Fernanda Couñago (Amarante) e Manuel Mosquera (Amnistía Internacional).

Actividades e presentacións 2007-2008



Cartel do acto "Pioneiros do cine en Galicia". Presentación da versión restaurada de *Ano Santo em Compostela* (1915)

Iglesias (Director Xeral de Comunicación Audiovisual) e Xosé Enrique Acuña. Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela.

Venres 18: presentación das curtas *Lavado de cara* (José González Varela, 2006), *Lalínea* (José González Varela, 2007), *Meniña* (Daniel Domínguez García, 2006), *Inestable* (Álvaro Otero, 2007) e *Sin plomo* (Jorge Saavedra, 2006) a cargo dos seus autores.

Xullo:

Luns 9-Martes 10: seminario "Extraterritorial, vangarda, experimental. O outro cinema español", organizado conxuntamente coa Universidade da Coruña e dirixido polo historiador e profesor da Universidade de Vigo José Luis Castro de Paz.

Luns 9: presentación dos traballos do curso "Cine de apropiación" a cargo do profesor do curso Isaki Lacuesta e Luis Miranda, programador do Festival Internacional de Cine de Las Palmas.

Luns 9: presentación do libro sobre Andy Warhol *A mirada impasíbel* de Alberte Pagán, a cargo do seu autor. Proxección de *Vinyl* (Andy Warhol, 1965).

Martes 10: selección de curtas firmadas por José Antonio Sistiaga, Eugeni Bonet e José María Zabala e presentadas por eles.

Setembro:

Mércores 12: inauguración da exposición *La Galice. Jean Dieuzaide*. Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela.

Venres 14: preestrea da película *En la ciudad de Sylvia* (José Luis Guerin, 2007) e presentación da revista "Cahiers du cinéma. España" coa presenza de José Luis Guerin, o director da publicación, Carlos F. Heredero, e José Manuel López, membro do consello de redacción.

Mércores 19: presentación da mediametraxe *O salario do silencio* (Enrique Banet, 2007) a cargo do seu director, a produtora Mabel Rivera e Manuel Amorim.

Xoves 27: inauguración da exposición *La Galice. Jean Dieuzaide*. Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia, Vigo.

Actividades e presentacións 2007-2008



Fotograma da longametraxe *Bs. As.* (Alberte Pagán, 2006)



Fotograma da longametraxe *Las aventuras del príncipe Achmed* (Lotte Reiniger, 1926)

Venres 9: inauguración da sección “Extraterritorial” e proxección de *Tira tu reloj al agua* (Eugeni Bonet, 2004) con presentación e coloquio coa intervención do seu autor, Eugeni Bonet.

Sábado 10: clausura do ciclo “Cine e dereitos humanos” coa presenza de Manane Rodríguez e membros de Amnistía Internacional. Proxección de *La bandera negra* (Amando de Ossorio, 1956) e *El taxista ful* (Jo Sol, 2005).

Venres 16: presentación do ciclo “D-Xeneración” coa presenza dos seus coordinadores, Josetxo Cerdán e Antonio Weinrichter, e un dos autores, Alberte Pagán. Proxección de *Bs. As.* (Alberte Pagán, 2006) e *Detesto el sentimentalismo barato* (Jorge Torregrossa, 2003).

Mércores 21: sesión de curtas galegas premiadas no Festival de Cans: *Temporada 92/93* (Álex Marzoa, 2006), *As carreiras secretas* (Antón Coucheiro “Cou”, 2006), *A flor máis grande do mundo* (Juan Pablo Etcheverry, 2006), *Promesa* (Fernando Cortizo, 2006) e o documental sobre o certame *Agroglamour* (Carlos Contreras, 2007). Presentación por Alfonso Pato, o director Fernando Cortizo e a produtora Chelo Loureiro.

Decembro:

Venres 14: presentación de traballos polo 10º aniversario do Máster de Documental de Creación da Universitat Autònoma de Barcelona e a edición dun DVD conmemorativo, coa presenza de Elena Oroz, coordinadora do Máster, e a directora Teresa Arredondo. Proxección dos traballos *Ciudades sin fin* (Pablo Baur e Martín Sappia, 2001) e *In Crescendo* (Teresa Arredondo, 2007).

Mércores 19: presentación da película *La línea recta* (José María de Orbe, 2006) a cargo do seu autor.

Sábado 22: acompañamento con música en directo (interpretación ao piano de Javier Pérez) de *Las aventuras del príncipe Achmed* (Lotte Reiniger, 1926).

Actividades e presentacións 2007-2008



Andrés Duque. Presentación da curtametraxe *La constelación de Bartheby* (Andrés Duque, 2008)

Sábado 8: presentación de *Pó de estrelas* (Alberte Pagán, 2007), *Muy-bridge 2.0* (Gonzalo de Pedro, 2007) e *Tabla aeróbica nº 4 (entrenamiento para pintores)* (Gonzalo de Pedro, 2007) a cargo de Alberte Pagán e Gonzalo de Pedro. Sección "Extraterritorial".

Luns 17: presentación do libro *Naomi Kawase. El cine en el umbral*, a cargo do seu coordinador, o crítico José Manuel López.

Abril:

Luns 7: presentación do ciclo "Tendencias do cine italiano do século XXI" a cargo da coordinadora do ciclo, Daniela Aronica.

Mércores 9: presentación da revista *Quaderni del CSCI* coa presenza da directora e editora da publicación, Daniela Aronica.

Martes 15: presentación da película *Blanca Madison* (Carlos Amil, 2000) coa presenza do seu director, Carlos Amil, e o produtor Xosé Xoán Cabanas Cao.

Mércores 16: presentación da película *O resplandor das Atochas* (Jorge Gil, 2007) e coloquio posterior coa presenza de Jorge Gil, o historiador Eliseo Fernández, os membros da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica (CRMH) Fernando Souto e Rubén Afonso e Mariví Villaverde, que intervén no documental.

Venres 18: presentación das curtametraxes *Da man da raíña vermella* (Omar Rabuñal e Miguel Corujo, 2007) e *Perversa Lola* (Sonia Méndez, 2008) coa presenza dos seus autores.

Xoves 24: presentación de *La masacre de San Patricio. 4 de julio* (Juan Pablo Ypung e Pablo Zubizarreta, 2007) coa presenza dos directores.

Sábado 26: homenaxe de CREA ao falecido director Emilio MacGregor coa proxección dos seus traballos *Punto final* (2005) e *O que dis que din* (2002) e o documental *Homenaxe a Emilio Mac Gregor* (Jorge Bouza, 2008) coa presenza de Jorge Bouza, Pepe Coira, Eduardo MacGregor e Xabier Bermúdez.

Sábado 26: presentación dos traballos *Lai* (Nuria Aidelman e Gonzalo de Lucas, 2005), *Carta de Franz Kafka a Felice Bauer* (Gonzalo de Lucas, 2006) e *Sobreimpresiones* (Gonzalo de Lucas, 2007) a cargo dos seus autores.

Formación

Impartíronse os seguintes relatorios: *De que falamos cando falamos de cine e modernidade?*, Ángel Quintana (Universitat de Girona); *Atención e absorción da mirada na modernidade*, Vicente Benet (Universitat Jaume I, Castellón); *O porvir da representación: Méliès e as formas complexas*, Josep Maria Català (Universitat Autònoma de Barcelona); *Fantasías electromagnéticas no cine*, Manuel Moreno (Universitat Politècnica de Catalunya); *A sedución do cambio de século*, Ángel Luis Hueso (Universidade de Santiago de Compostela).



José Antonio Sistiaga. *Seminario Extraterritorial, vanguardia, experimental. O outro cinema español*



Javier Rioyo. *Seminario Extraterritorial, vanguardia, experimental. O outro cinema español*



Julio Pérez Perucha, Margarita Ledo e Román Gubern. *Seminario Extraterritorial, vanguardia, experimental. O outro cinema español*

Proxectáronse os seguintes filmes: *Arrivée d'un train à Melbourne (Australia)* (3 de novembro de 1896); *Mort de Marat* (Georges Hattot, 1897); *Electric Hotel* (Segundo de Chomón, 1908); *L'artiste et le mannequin* (Georges Méliès, ca 1900); *Oftalmología por el profesor I. Barraquer de Barcelona* (Francesc Puigvert, 1917); *Barcelona en tranvía* (Ramón de Baños, Ricard de Baños, 1909); *A disastrous flirtation* (1908); *Les Levanni. Barristes comiques* (1903); *Dansa Serpentina* (1900).

Extraterritorial, vanguardia, experimental. O outro cinema español

Centro Galego de Artes da Imaxe, Universidade da Coruña

9 - 10 de xullo de 2007

Asistentes: 72

Malia ás extremadamente complexas circunstancias históricas que atravesou o cinema hispano durante o seu xa longo século de existencia, non faltan tendencias e exemplos senlleiros que, apartándose da narratividade que caracteriza(ba) o groso da produción, van construíndo as densas marxes do edificio narrativo-institucional; outro cine español, en definitiva e segundo os casos, vangardista, marxinal, estrutural, experimental, materialista, reflexivo, ensaístico... En calquera caso, sempre *extraterritorial*, a contracorrente, distinto da(s) práctica(s) ao uso, á marxe —case sempre de maneira absoluta— da senda pola que circulaba o resto da nosa filmografía. Sen limitacións de ningún tipo, o seminario que presentamos propónse reflexionar sobre as modalidades históricas e formais das nosas *extraterritorialidades*, sexan estas da forma que sexan, tendo como único límite o pertencer ao —digámolo así— territorio do “non narrativo”. Conformado ao redor de cinco mesas agrupadas en torno a diferentes eixes (*O cine español e as vangardas históricas*; *Ensaio e reflexividade no cine español*; *O cine dos non cineastas*; *Conceptuais, situacionistas e demais ralea e Emendas á totalidade*), nas que participarán cineastas, historiadores e analistas, nelas terán cabida desde os insignes representantes da vangarda española (con Luis Buñuel e Val del Omar como centros de atención prioritarios, aínda que non únicos) ata os novos cineastas

Formación

que, como Marc Recha, se aproximan hoxe ao cine coa liberdade do ensaísta, coa intimidade do autor dun diario filmado. Entre eles, e ao longo dunhas décadas de notable actividade desde os anos sesenta do século pasado, “independentes” como Adolfo Arrieta ou Álvaro del Amo, arquitectos como Ricardo Bofill, pintores como José Antonio Sistiaga ou músicos como Carles Santos investigan as múltiples posibilidades artísticas e discursivas do medio cinematográfico á marxe de toda convención narrativa e, como é lóxico, en frontal oposición á ditadura franquista. Personalidades e obras como, entre outras, as de Eugeni Bonet ou Javier Aguirre, como as de Antoni Padrós ou Pere Portabella, constitúen —apoiadas polo ciclo de películas que acompaña ao seminario— pezas senlleiras destas prácticas filmicas alternativas, e a súa presenza e participación unha ocasión única para ver e coñecer *o outro cine español*.

Contouse coa presenza de: Javier Aguirre, Adolfo Arrieta, Eugeni Bonet, José Luis Castro de Paz, Jostxo Cerdán, Miguel F. Labayen, Román Gubern, Javier Hernández, Isaki Lacuesta, Margarita Ledo, Basilio Martín Patino, Alberte Pagán, Antoni Padrós, Manuel Palacio, Julio Pérez Perucha, Antoni Pinent, Marc Recha, Javier Rioyo, José Antonio Sistiaga, José M^a Zabala, Santos Zunzunegui.

Posibles reescrituras da historia do cine: o final dun relato mítico

Centro Galego de Artes da Imaxe, CGAI
22 – 26 outubro 2007 (20 horas)
Asistentes: 16

A historia do cine construída a partir das teses de André Bazin, que precipitou a aparición de *Cahiers du Cinéma* na Francia dos anos cincuenta, comeza a amosar as súas debilidades. A parcelación típica desa xeografía en clasicismo, modernidade e posmodernidade deixa de lado outros fenómenos moito máis resistentes ás etiquetas. As tendencias máis extremas do panorama contemporáneo, por exemplo, conectan cos novos cines dos anos sesenta e setenta na súa vontade de romper cun *statu quo* conformista e acomodaticio, pero tamén presentan outras particularidades, a menor das cales non é a súa exacerbación do concepto de autoría, que se enfrenta á súa vez á disolución deste no cine de consumo, incluído o que se exhibe nas salas de versión orixinal.

Fronte a esta situación, todo ten que cambiar, e non só a maneira en que percibimos o cine actual. Hai que revisar o concepto de “clasicismo” á luz das demais artes. Hai que dar sentido a un termo tan ambiguo como o de “manierismo”, que para algúns se remite ao



Javier Hernández, Santos Zunzunegui, Javier Aguirre e Eugeni Bonet. *Seminario Extraterritorial, vangarda, experimental. O outro cine español*



José Antonio Sistiaga, Alberte Pagán e José M.^a Zabala. *Seminario Extraterritorial, vangarda, experimental. O outro cine español*



Antoni Padrós, Manuel Palacio e Adolfo Arrieta. *Seminario Extraterritorial, vangarda, experimental. O outro cine español*



Ciudadano Kane (Orson Welles, 1941)